



**COÑECE O TRABALLO E POTENCIAL DO
COOPERATIVISMO NUN ROTEIRO POR
SANTIAGO DE COMPOSTELA!**

ROTEIRO COOPERATIVO

Queres coñecer de primeira man o traballo das cooperativas galegas? Aínda non sabes que é a economía social, os seus principios e valores? Estás pensando en formar unha empresa e queres coñecer como funciona unha cooperativa? Queres visitar Compostela dun xeito diferente e social?

QUE É ESTA ACTIVIDADE?

O Roteiro Cooperativo é unha actividade da Unión de Cooperativas EspazoCoop e o Concello de Santiago de Compostela. O seu obxectivo é divulgar a economía social e os seus valores, a través dunha ruta guiada na que coñecer de preto catro cooperativas da cidade de sectores moi diferentes.

Porque a economía social está moito máis presente na sociedade do que pensamos! De feito, en Galicia xera un 7% do seu PIB e hai preto de 5.000 cooperativas e 100.000 persoas vinculadas a elas.

A QUEN VOU COÑECER?

No Roteiro Cooperativo 2023 visitaremos a...

AlmaZen de loga, un espazo para o coidado integral do corpo. Centro de loga e Meditación con actividades para públicos diversos. Prestan tamén servizos para a mellora da saúde a empresas, clases particulares e aluguer do espazo.

Rúa da República de El Salvador, 25
almazendeyoga.com

NUMAX, unha iniciativa para o audiovisual e a creación cultural. Conta con sala de cinema, librería, programación para escolas e un laboratorio, dende onde desenvolven proxectos de deseño, comunicación e produción e posprodución de vídeo.

Concepción Arenal, 9 - Baixo
numax.org

Creativas Galegas, un colectivo de profesionais de pequenas marcas do eido cultural galego. Na súa tenda, o Mercado Galego da Creatividade, podes atopar produtos diversos de máis de corenta marcas de calidade e consumo responsable.

Rúa da Caldeirería, 36
creativasgalegas.gal

Conservatorio Histórico de Santiago, unha centro pioneiro na educación musical. Xestionado como cooperativa dende hai case vinte anos, ofrecen ensino oficial de grao elemental e profesional para instrumentos diversos.

Praza de Salvador Parga, 4-5
conservatoriodesantiago.com

COMO É O PERCORRIDO?

O percorrido ten unha duración aproximada de tres horas e dous quilómetros de distancia. Está guiado por unha profesional de Rexenerando S. Coop., que irá compartindo informacións sobre a economía social en xeral e as entidades concretas a visitar. O punto de encontro é a Alameda, e o final da Praza de Salvador Parga. A ruta é accesible para todo tipo de públicos.

INTERÉSAME! COMO ME INSCRIBO?

Escolle o teu día dentro das catro posibilidades e achégate aos valores da economía social.



A ACTIVIDADE É DE BALDE CON PRAZAS LIMITADAS, APÚNTATE XA!

Escanea o QR ou envíanos un mail a roteirocooperativo@gmail.com

Máis información en espazo.coop



espazo coop
unión de cooperativas galegas


CONCELLO DE
SANTIAGO